

## **Solicitude de mellora das bases para as axudas de normalización lingüística que convoca a Deputación Provincial de Pontevedra**

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos núm. 170 de Santiago de Compostela, enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629571950,

EXPOÑO:

O 22 de febreiro deste ano a Deputación de Pontevedra publicou a **convocatoria de dous tipos de subvencións para a dinamización da lingua galega**: por unha parte, destinadas a concellos da provincia e, por outra, dirixidas a outras entidades (asociacións e similares). Estas convocatorias resolvéronse o 15 de xullo e o 4 de outubro, respectivamente.

A CTNL, como entidade que agrupa as/os traballadoras/es de normalización da lingua, quere facer as seguintes consideracións:

En primeiro lugar, desde o noso colectivo felicitamos a Deputación de Pontevedra por decidir convocar axudas para que se avance no proceso de normalización lingüística. Parécennos especialmente salientables as destinadas ás administracións locais para a **creación e mantemento de servizos de normalización lingüística (SNL)**, xa que os SNL son os departamentos técnicos encargados de impulsar o uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos do municipio, tanto dentro da organización como na sociedade en xeral. Tamén celebramos que se abran outras liñas de axuda e se favoreza o traballo en normalización lingüística desde outras entidades, pois o fomento do uso e prestixio da lingua é un proceso social e todas e todos debemos estar implicadas/os nel.

Unha vez sinalado isto, temos que puntualizar algúns aspectos que coidamos que se deberían mellorar en futuras edicións destas convocatorias:

### **A. Convocatoria dirixida aos concellos e outras entidades locais**

Convocáronse axudas de dous tipos: para a **creación e mantemento de SNL** e para **programas de dinamización lingüística en entidades que non soliciten para o SNL**. Desde a CTNL consideramos que as ferramentas de traballo das administracións públicas son os equipos

**XOSÉ LEAL FARIÑA, DEPUTADO PROVINCIAL DE CULTURA E LINGUA**

Pazo provincial

Avda. de Montero Ríos, s/n

36071 Pontevedra

técnicos especializados, polo que se debe promover o traballo técnico en normalización lingüística a través de SNL estables, dotados de persoal e orzamento suficiente, pois só desta maneira se poden **planificar, xestionar, executar e avaliar** accións e programas de normalización lingüística con visión de futuro e de maneira estrutural. Calquera programa que se desenvolva desde unha entidade local que non conte con SNL, aínda que poida estar planificado, xestionado e executado, non deixa de ser unha acción puntual sen integrar nun labor continuado de normalización lingüística feito á medida de cada realidade local.

Tras consultar a resolución destas axudas, quedou demostrado que a convocatoria, tal e como se realizou este ano, primou economicamente o traballo puntual e non o labor técnico, realizado e supervisado por profesionais e continuado no tempo. Dos case 150 000 euros destinados a estas axudas, só 51 094,46 foron destinados a SNL e unicamente se solicitou axuda para a creación de dous novos servizos (segundo os nosos datos, neste momento creouse un no Concello de Nigrán).

Desde a CTNL consideramos que estas axudas deberían ser só para o **mantemento, reforzo e creación de SNL**, cunha dotación económica que anime as entidades locais a desenvolver este labor técnico desde a súa institución, tanto individualmente como de xeito mancomunado con outros concellos. Alén disto, hai outras vantaxes para os concellos que contan con SNL: poden deseñar e desenvolver políticas lingüísticas adaptadas ás características sociolingüísticas da súa poboación, e poden participar en proxectos cooperativos para o impulso do idioma que xa se están a desenvolver noutras entidades locais, como, por exemplo, o proxecto Apego, que está a ter moita demanda e require de traballo técnico.

## **B. Convocatoria para a dinamización do galego dirixida a outras entidades.**

Estas axudas estaban destinadas a entidades que realizasen actividades de fomento do uso do galego no conxunto da sociedade a través de certames, festivais de música, accións na cultura, no comercio e nas TIC e recoñecemento a persoas e colectivos. Estas axudas estaban dotadas cun total de 275 000 euros.

A diferente dotación económica das primeiras e estas segundas axudas revela de novo que se dá preferencia ao traballo puntual en normalización lingüística, neste caso realizado por entidades que, en principio, non contan con persoal técnico que desenvolva un labor continuado de



normalización da lingua (en todo caso, na convocatoria nin se valora nin se esixe que o teñan). Tras ver a resolución destas últimas axudas, comprobamos que hai entidades que tiveron máis subvención para desenvolver accións puntuais de dinamización da lingua ca os concellos que optaron por crear un servizo de normalización lingüística, departamento encargado de planificar, deseñar, executar e avaliar numerosas accións de dinamización lingüística ao longo do ano.

Por outra parte, logo de consultar en detalle as axudas concedidas, en moitas delas semella que se están a subvencionar simplemente actividades culturais realizadas no mellor dos casos en galego, e non accións cun obxectivo claro de dinamización da lingua. Por exemplo, que un festival de música desenvolva toda a súa comunicación en galego non debe considerarse xa, despois de tantos anos de camiño andado na normalización da lingua, unha actividade de dinamización da lingua.

Desde a CTNL consideramos que as axudas para o desenvolvemento de actividades culturais en galego son necesarias e é adecuado e desexable que a Deputación de Pontevedra aposte por elas. Pero non deben etiquetarse como actividades de dinamización da lingua se non teñen un claro obxectivo de promoción do seu uso e prestixio. A presenza da lingua na cultura é fundamental para o futuro do idioma, mais tamén o é a presenza do idioma no traballo en investigación científica, no desenvolvemento do urbanismo, na educación, na conservación da natureza ou nos servizos para o benestar social. Con todo, o traballo de normalización lingüística é algo máis complexo que o simple uso da lingua nesas áreas. Isto non impide que en convocatorias doutras áreas poida e deba terse en conta o uso da lingua galega como contido transversal, pero iso non as converte en axudas de dinamización lingüística.

Por todo o anterior, SOLICITO:

1. Que en vindeiras edicións se mellore a convocatoria de axudas para entidades locais co fin de **promover a creación, mantemento e reforzo de servizos de normalización lingüística**. Só desta maneira se realizará un traballo de impulso do uso e prestixio da lingua galega estrutural, progresivo, continuado e con obxectivos a longo prazo. Alén disto, só contando con SNL estables os concellos poden planificar accións á medida das necesidades da súa poboación e sumarse a proxectos cooperativos que xa se están a desenvolver noutras entidades locais, adaptándoos á realidade propia. Precisamente



estes proxectos están a ter unha ampla demanda e poden multiplicar a súa incidencia grazas á colaboración de moitas entidades locais.

2. Que se diferencien as axudas para o desenvolvemento de accións propiamente de dinamización da lingua galega das actividades culturais ou doutro tipo realizadas en lingua galega.

Finalmente, se o consideran necesario, desde a CTNL ofrecémoslles apoio e asesoramento para futuras convocatorias de axudas á normalización da lingua.

Pontevedra, 14 de outubro de 2016